



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Acordo do pleno do Concello de Cee relativo á aprobación provisional do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Cee (PMPDIF). Expediente nº 2025/A006/000006

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Cee, en sesión ordinaria celebrada o día 7 de agosto de 2026, acordou a aprobación provisional o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do concello de Cee, previsto no artigo 16 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, confeccionado pola empresa SEAGA (Empresa Pública de Servicios Agrarios, S.A.), ao abeiro do convenio ao que este Concello está adherido (acordo plenario de data 30 de maio de 2025), subscrito pola colaboración.

Exponse ao público durante o prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica municipal; computarase o prazo a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Coruña para que durante o devandito prazo poida ser examinado e poidan formularse as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes polos que se consideren interesados, de conformidade co disposto no artigo 83, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

Considerar o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Cee definitivamente aprobado no caso de que non se presentasen alegacións durante o período de información pública.

Simultaneamente, publicar o texto no portal web do Concello [dirección [https:// cee.gal](https://cee.gal)] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

En Cee, o 10 de agosto de 2026.

Alcaldesa do Concello de Cee

Margarita Lamela Louzán

2026/5313